

Bases do concurso de disfraces "Entroido na Casa"

1- É obxecto deste concurso celebrar e fomentar a participación cidadá na festa do Entroido desde as súas vivendas, así como premiar o enxeño e creatividade dos disfraces, adaptando o tipo de concurso á situación epidemiolóxica actual.

2-Poderán participar desde o seu domicilio todas aquelas persoas que estean **empadroadas** no Concello da Laracha, sen límite de idade. A temática é libre, reservándose a organización o dereito de non permitir a participación daqueles disfraces desapropiados ou que non presenten un mínimo de calidade.

3-Cada concursante deberá **cubrir en liña o formulario de participación**, autorizando ao Concello a compartir a imaxe nas redes sociais municipais para a participación do concurso. De ser o caso, débese **marcar a opción de menor de idade** por parte do pai/nai/titor legal. A fotografía debe ser orixinal e aparecer nela o/os participante/s no concurso.

Cada participante poderá facelo soamente nunha das categorías do concurso e cunha única fotografía. Non se permitirá a participación a título individual dunha persoa con dous disfraces diferentes nin tampouco de persoas inscritas no concurso familiar.

O formulario de **inscrición estará dispoñible** na páxina web do Concello(www.alaracha.gal) ata o día **15 de febreiro ás 12:00 horas**.

Unha vez cuberta a autorización deberase enviar a fotografía antes do luns 15 de febreiro ás 12:00 horas ao seguinte correo electrónico: **cultura@alaracha.gal**. Dende ese día **ata o día 19 de febreiro ás 12:00 horas**, os usuari@s das redes poderán darlle "gústame" ás fotos que aparecerán no Facebook do Concello .

O Concello resérvase o dereito de utilizar as imaxes presentadas ao concurso exclusivamente para a difusión e promoción do evento.

4-Os premios do concurso concederanse de dous xeitos diferentes:

- **VALORACIÓN DO XURADO : 3 Premios para cada modalidade** (Individual-Infantil, Individual-Adultos e Familiar) O xurado deberá valorar aspectos como:
 - Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
 - Posta en escena (esenario, atrezzo, fondo...).
 - Detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
 - Elaboración propia/artesanal.
- **VALORACIÓN DE FACEBOOK** :As **3 fotografías de cada modalidade** con máis "gústame" serán as premiadas.

5-O concurso dividirase nas categorías individual (un compoñente) e familiar (a partir de dous compoñentes). A categoría individual terá dúas modalidades: infantil (ata 12 anos) e adultos (máis de 12 anos). Os premios establecidos son os seguintes:

- **INDIVIDUAL**

- Infantil (ata 12 anos):

Facebook	Xurado
1º PREMIO: 75 €	1º PREMIO: 75 €
2º PREMIO: 60€	2º PREMIO: 60€
3º PREMIO: 50 €	3º PREMIO: 50 €

- Adultos (+ de 12 anos)

Facebook	Xurado
1º PREMIO: 75 €	1º PREMIO: 75 €
2º PREMIO: 60€	2º PREMIO: 60€
3º PREMIO: 50 €	3º PREMIO: 50 €

- **FAMILIAR** (Duas o máis persoas)

Facebook	Xurado
1º PREMIO: 150 €	1º PREMIO: 150 €
2º PREMIO: 100€	2º PREMIO: 100€
3º PREMIO: 75 €	3º PREMIO: 75 €



6-O xurado estará composto por membros que serán nomeados polo Departamento de Cultura. O seu fallo será secreto é inapelable.

A valoración farase o venres 19 de Febreiro. O xurado resérvase o dereito a considerar deserto algún dos premios, se considera que a falta de calidade dos disfraces o fai necesario.

7- **A listaxe de premiados publicarase na páxina web do Concello** (www.alaracha.gal) e **no Facebook o día 19 de febreiro**. Os participantes poderán gañar ata dous premios, un do xurado e outro no concurso de Facebook.

8-O pagamento dos premios farase por transferencia bancaria. Unha vez finalizado o concurso, o Concello porase en contacto coas persoas premiadas para requerirlles de conta bancaria.

9- A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.